UNIVERSIDADE DE VIGO

Os plans lingüísticos como instrumento da planificación lingüística en Galicia

Anxo M. Lorenzo Suárez
Universidade de Vigo

alorenzo@uvigo.es
http://webs.uvigo.es/alorenzo

Índice

UNIVERSIDADE DE VIGO



- 1. Introdución
- 2. Plans lingüísticos en concellos e universidades
- 3. O plan xeral da lingua galega (PXNLG)
- 4. Remate

1. Introdución

- Que é un plan lingüístico (características, obxectivos e contidos).
  - Definición: consecución dunha transformación ampla dunha realidade sociolingüística (local, sectorial, xeral) mediante a proposición dun conxunto explícito de obxectivos e de medidas.
- A realización dun plan admite diferentes modelos de elaboración:
  - de carácter técnico e de arriba-a-abaixo.
  - elaboración participativa.
- O contido do plan tamén admite distintas posibilidades: desde plans coercitivos/ obrigativos ata plans propositivos/ voluntaristas (a gradación é moi ampla).

1. Introdución

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Aspectos fortes dun plan:
  - Proceso ilusionante.
  - Posibilidades reais de cambio sociolingüístico.
- Aspectos débiles dun plan:
  - Posibilidade de confrontación (interna e externa).
  - Recursos para levar a cabo o plan.
  - Dificultades na temporización e na consecuención realista de obxectivos.
  - Os cambios producen consecuencias a medio-longo prazo.

1. Introdución

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Tipos de plans:
  - Xerais ou sectoriais.
  - Centrados en obxectivos lingüísticos vs. en obxectivos sociolingüísticos (= dinamización).

1. Introdución

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Fases na elaboración dun plan:
  - a) Diagnóstico da situación (de partida).
  - b) Definición e xerarquización dos problemas principais.
  - c) Determinación dos obxectivos xerais e das liñas de traballo (o 'esqueleto' do plan).
  - d) Concreción de obxectivos específicos en cada liña de traballo.
  - e) Medidas de actuación (con indicación de responsabilidade e temporización, se for preciso).

1. Introdución

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Contido e significado dos plans lingüísticos no contexto socio-político de Galicia
  - Aposta pola **planificación lingüística:** disciplina que pon nas mans dos políticos e dos especialistas **técnicas, ferramentas** e recursos de grande impacto para a xestión dos cambios (socio)lingüísticos
    - É a hora da planificación lingüística en Galicia con todas as súas consecuencias: propiciar cambios lingüísticos significativos.

2. Plans lingüísticos en concellos e universidades





- Revisión das características xerais dos plans elaborados nalgúns concellos galegos e nas universidade de Santiago de Compostela e Vigo

2. Plans lingüísticos en concellos e universidades

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Concellos:
  - Plan de normalización lingüística do concello de **Santiago de Compostela** (2002).
  - Plan de normalización lingüística do concello de **Ferrol** (2003).
  - Plan de dinamización da lingua galega do concello de **Vigo** (en elaboración).


2. Plans lingüísticos en concellos e universidades

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Universidades:
  - Plan da **Universidade de Santiago de Compostela** (2002).
  - Plan de Política Lingüística da **Universidade de Vigo** (2004).
  - Plan de normalización da **Universidade da Coruña** (en elaboración).

2. Plans lingüísticos en concellos e universidades

- Estrutura interna do plan lingüístico dun concello (por exemplo, Ferrol 2003):



2. Plans lingüísticos en concellos e universidades

UNIVERSIDADE DE VIGO

Sectores contemplados en Ferrol (2003):

1. Administración municipal
2. Ensino e mocidade
3. Ámbito socioeconómico
4. Ámbito sociocultural
5. Deporte
6. Confesións relixiosas
7. Medios de comunicación
8. Tecnoloxías da información e da comunicación

2. Plans lingüísticos en concellos e universidades

- Ferrol (2003):
  - Sector VII. Medios de comunicación
    - Obxectivo 1:
      - Incentivar o incremento do uso da lingua galega nos medios de comunicación a nivel de Ferrol.

2. Plans lingüísticos en concellos e universidades

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Ferrol (2003):
  - Sector VII. Medios de comunicación
    - Liñas de acción:
      1. Facer visible, ante os equipos directivos, os beneficios potenciais dun maior uso do galego por parte dos medios de comunicación.
      2. Introducir liñas de reflexión entre os responsables sobre o papel que xogan os medios de comunicación no proceso de normalización lingüística, difundindo experiencias positivas doutras comunidades bilingües.
      3. Procurar que a lingua galega teña presenza nas distintas seccións dos medios.
      4. Fomentar a edición de suplementos integramente en galego para público infantil ou xuvenil.
      5. Promover a utilización da lingua galega entre os medios de comunicación de menor audiencia.


2. Plans lingüísticos en concellos e universidades

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Ferrol (2003):
  - Sector VII. Medios de comunicación
    - Medidas:
      a. Desenvolver encontros cos responsables dos medios de comunicación de Ferrol para:
      - » Transmitir as conclusións do plan.
      - » Difundir a evolución favorable nas competencias e nas actitudes lingüísticas da poboación e a boa receptividade cara á lingua galega das audiencias.
      - » Promover encontros de intercambio dos medios de comunicación de Ferrol (ou galegos) con delegacións doutras comunidades bilingües.

2. Plans lingüísticos en concellos e universidades

- Exemplo dunha universidade: o Plan de Política Lingüística da Universidade de Vigo (2004).



2. Plans lingüísticos en concellos e universidades

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Proposta de programas de intervención lingüística na U. de Vigo:
  1) Sensibilización e dinamización
  2) Formación
  3) Normalización
  4) Proxección universitaria
  5) Acollida lingüística e cultural
  6) Impulso do plurilingüismo

2. Plans lingüísticos en concellos e universidades

UNIVERSIDADE DE VIGO

- U. de Vigo (2004):
  - Programa 3: programa de normalización
    - Obxectivos xerais do programa
      - Garantir o uso normal da lingua galega como lingua propia da Universidade.
      - Introducir o uso do galego en todos os ámbitos e sectores da Universidade: no ámbito docente, investigador e de administración, servizos e xestión.
      - Establecer criterios de galeguización na docencia, na investigación e na actividade administrativa e de xestión.

2. Plans lingüísticos en concellos e universidades

- U. de Vigo (2004):
  - Obxectivo específico 1
    - Garantir o uso da lingua propia en todas as actividades e comunicacións internas e externas institucionalizadas.
  - Accións:
    - Difundir unha sinalética harmonizada en lingua galega nos tres campus e no interior das dependencias universitarias.
    - Aprobar e difundir un nomenclátor de centros e de edificios da Universidade en lingua galega, no que se respecten as

3. O plan xeral da lingua galega (PXNLG)

UNIVERSIDADE DE VIGO


- Índice:
  - 3.1. Concepción e articulación do PXNLG.
  - 3.2. Partes: diagnóstico, estrutura interna, obxectivos xerais e sectoriais e medidas.
  - 3.3. Resultados.
  - 3.4. O que falta no PXNLG: temporización, orzamento e axentividade.

3. O plan xeral da lingua galega (PXNLG)

UNIVERSIDADE DE VIGO

3.1. Concepción e articulación do PXNLG

- O PXNLG foi aprobado **por unanimidade** no Parlamento de Galicia en setembro de 2004.
- Conxunto de **obxectivos** e de **medidas** que teñen como obxectivo aumentar a presenza social da lingua e os seus usos cotiáns.
- O PXNLG é un instrumento para cambiar actitudes e comportamentos lingüísticos.




3. O plan xeral da lingua galega (PXNLG)

UNIVERSIDADE DE VIGO

3.2. Partes

- Diagnóstico
- Definición de sectores: *horizontais* e *transversais*.
- Obxectivos xerais e sectoriais
- Medidas

3. O plan xeral da lingua galega (PXNLG)



44 - Plan xeral de normalización da lingua galega

3. O plan xeral da lingua galega (PXNLG)

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Sectores transversais:
  - Dereitos lingüísticos.
  - Novas tecnoloxías.
  - Implementación do corpus.

3. O plan xeral da lingua galega (PXNLG)

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Estratexias para levar adiante o PXNLG:
  - Oferta positiva: adopción do galego como lingua inicial co administrado/a, manténdose nela a menos que se perciba dificultade de entendemento no interlocutor.
  - Oferta informativa: informar da validez, legalidade e conveniencia de redactar en galego calquera documento á hora de iniciar un trámite oficial.
  - Cortesía: estratexia que debe estar presente para levar a cabo os dous puntos anteriores.

3. O plan xeral da lingua galega (PXNLG)

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Ideas-forza (1 de 2):
  - Garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións.
    - Oferta positiva e informativa desde a administración.
    - Respecto dos dereitos lingüísticos dos galegófonos.
  - Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.
    - Reforzamento dos usos escritos oficiais en galego.

3. O plan xeral da lingua galega (PXNLG)

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Ideas-forza (2 de 2):
  - Introducir na sociedade a oferta positiva de atender o cidadán ou o cliente en galego como norma de cortesía.
  - Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfarele prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
  - Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.
    - Demandar a dispoñibilidade e uso de recursos electrónicos e impresos indispensables para o labor cotiá.

3. O plan xeral da lingua galega (PXNLG)

UNIVERSIDADE DE VIGO

3.3. Resultados

- Ata o momento os resultados son escasos.
  - Motivo: cambio de goberno na Xunta de Galicia en setembro de 2005.
- Non houbo un desenvolvemento do PXNLG, só unhas poucas accións concretas.
  - Ensino non universitario: coordinación e asesoramento lingüístico aos equipos de normalización lingüística (ENL).
  - Formación lingüística de adultos: cambio no sistema de cursos.

3. O plan xeral da lingua galega (PXNLG)

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Liñas de actuación principais do novo goberno en PL:
  - Sistema de acreditación das competencias en galego de acordo co marco europeo de referencia.
  - Ensino non universitario: potenciación dos ENL.
  - Empresas: convenio marco coa confederación de empresarios de Galicia.
  - Redefinición dos lectorados e dos

3. O plan xeral da lingua galega (PXNLG)

UNIVERSIDADE DE VIGO

3.4. O que falta no PXNLG

- Priorización: por onde empezar.
- Temporización: establecemento dun horizonte temporal (medio e longo prazo).
- Axentividade: quen se encarga de poñer en marcha as diferentes medidas do plan.
- Programación: agrupamento das medidas en programas.

UNIVERSIDADE DE VIGO

3.4. O que falta no PXNLG

- Programación das accións:
  - Desenvolvemento de programas xerais e sectoriais; por exemplo:
    - Programa de formación lingüística.
    - Programa de asesoramento e coordinación da planificación lingüística nos centros educativos (non universitarios).
    - Programa de coordinación da política lingüística universitaria.
  - Dispoñibilidade de recursos humanos e económicos.

4. Remate

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Reflexión sobre a potencialidade dos plans lingüísticos como ferramenta da planificación lingüística para a recuperación e a promoción da lingua galega na actualidade.

4. Remate

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Debemos insistir na planificación lingüística:
  - organización consciente e programada de accións para o cambio lingüístico, con especial incidencia na dinamización lingüística (fomento do uso e sensibilización).

4. Remate

- *Transversalidade* na planificación lingüística:
  - Accións conxuntas e coordinadas

Ensino - Familia - Mocidade

4. Remate

- *Consensualidade*, dentro e fóra da Xunta de Galicia:
  - Artellar consensos e pactos incluíntes.
  - Falar e negociar moito fóra do alcance mediático.

4. Remate

- *Coordinación*:
  - Na acción de goberno da Xunta de Galicia, sobre todo entre os socios de goberno).
    - Mocidade, familia, ensino, etc.
  - Na acción entre a Xunta e os concellos.